

Boletín CAIA 17

Abril 2025



A Comisión Europea traballa para conseguir vivendas asequibles

A nova plataforma paneuropea de investimento en vivenda asequible e sostible, impulsada pola Comisión Europea e o Grupo BEI, busca garantir fogares dignos para todas as familias europeas. Unha medida que tamén pode mellorar o benestar e o desenvolvemento da infancia, especialmente en comunidades como Galicia, onde o acceso á vivenda segue sendo un reto para moitos fogares.



O reto de crear contornas seguras cara a infancia e adolescencia

A iniciativa "Cero Accidentes" busca crear contornas urbanas máis seguras para a infancia, reducindo a sinistralidade viaria e promovendo espazos públicos accesibles e saudables. Un compromiso que tamén pode inspirar accións en Galicia, onde cidades como Pontevedra ou Nigrán xa avanzan cara a modelos urbanos máis amigables coa infancia.




Preocupación ante a acollida de menores en Galicia

O Programa de Acollida da Infancia Migrante do POIG destaca a importancia de garantir unha integración digna e segura para nenos e nenas que chegan a Galicia. Unha iniciativa que reforza o compromiso coa protección dos dereitos da infancia migrante na nosa comunidade.



O Goberno aproba un Real Decreto para que as comidas que se dan nos centros sexan saudables

O Real Decreto aprobado polo Goberno para garantir cinco comidas saudables semanais nos comedores escolares representa un paso crucial na loita contra a desigualdade alimentaria infantil. Esta medida tamén podería beneficiar a Galicia, onde moitos nenos e nenas dependen do comedor escolar para acceder a unha alimentación equilibrada e nutritiva.



"O Defensor do Pobo alerta das eivas na protección da infancia e reclama accións urxentes"

O Informe Anual 2024 do Defensor do Pobo subliña a necesidade de reforzar a protección dos dereitos da infancia, especialmente en ámbitos como a educación, a saúde mental e a atención a menores migrantes. Unha chamada de atención que tamén interpela a Galicia, onde é fundamental garantir que todos os nenos e nenas poidan medrar nun entorno seguro, equitativo e respectuoso cos seus dereitos.

En marcha un proxecto para avanzar cara a Axenda 2030

A Plataforma de Infancia puxo en marcha un proxecto clave para avanzar cara á Axenda 2030, centrado na elaboración e difusión dun documento de propostas para 2025 co obxectivo de reforzar os dereitos da infancia. Este traballo, realizado en colaboración con diversas organizacións de infancia, busca integrar a perspectiva infantil nas políticas públicas e promover un desenvolvemento sostible que teña en conta as necesidades e dereitos dos nenos e nenas.



Recomendacións para un uso saudable das pantallas na infancia

O documento de *Familias en Positivo* ofrece pautas para un uso dixital seguro e equilibrado, adaptado á idade dos nenos e nenas. En Galicia, pode ser unha guía útil para fomentar hábitos tecnolóxicos saudables dende o fogar.

"UNICEF Portugal aplaude a prohibición do matrimonio infantil como un avance na protección dos dereitos da infancia"

UNICEF Portugal celebrou a recente aprobación da lei que prohíbe o matrimonio infantil no país, destacando que esta medida reforza a protección das nenas e nenos fronte a prácticas que vulneran os seus dereitos fundamentais. A organización subliña que, aínda que a incidencia en Portugal é baixa, esta reforma lexislativa é un paso importante na loita contra o matrimonio infantil a nivel global. UNICEF insta agora a reforzar as políticas públicas que promovan a educación e a igualdade de xénero para erradicar esta práctica en todos os contextos .

Experiencias noutros territorios



"Comeza EPIC 4.0: un novo equipo de participación infantil para impulsar o cambio social"

O EPIC 4.0 (Equipo de Participación Infantil por el Cambio) da Plataforma de Infancia inicia a súa nova etapa co obxectivo de fortalecer a voz e a participación das nenas e nenos nas políticas públicas que lles afectan. Este equipo, composto por menores de diferentes puntos de España, busca influir activamente nas decisións sociais e políticas, promovendo un cambio real na inclusión da infancia. A súa labor é fundamental para garantir que os dereitos da infancia sexan respectados e promovidos en todos os ámbitos.

"O CNIAC colabora na creación dun documento para protexer os dereitos da infancia nos procesos xudiciais"

O CNIAC está a traballar conxuntamente co Departamento de Xustiza e con representantes da Administración de Xustiza (fiscalía e membros da xudicatura) na elaboración dun documento para a protección dos dereitos da infancia e a adolescencia nos procesos xudiciais. Este venres, a Secretaría Técnica participou na reunión onde se presentaron as opinións do CNIAC, que foron ben acollidas e valoradas polos participantes polo valor que achegan desde a perspectiva dos nenos e nenas, representados polos vocales do Consello Nacional de Infancia e Adolescencia de Cataluña.



Generalitat de Catalunya
**Departament
de Justícia**

Testemuña en primeira persoa



Emily
Vogal do CAIA e membro
de "P.V.X. de Viveiro"

Tiven a oportunidade de participar no segundo encontro organizado por CANAE en Nambroca (Toledo), do proxecto "Aprendendo a aprender", onde nos xuntamos mozos e mozas de toda España co o obxectivo de reflexionar e traballar por innovar a educación.

Durante varios días, debatimos sobre diferentes temas fundamentais para o futuro educativo, como as competencias clave. Ao meu grupo en concreto tocounos preparar unha clase sobre a competencia dixital, buscando non só explicala senón tamén crear propostas para reforzala nas aulas. Tras presentar as nosas clases ao resto do grupo, puxémonos a traballar xuntos para mellorar as ideas entre todos, compartindo opinións e experiencias.

Como resultado deste traballo colectivo, elaboramos un decálogo con "tips" e recomendacións para fomentar unha educación máis innovadora, pedagóxica e adaptada ás necesidades actuais. Ademais, realizamos outras actividades moi enriquecedoras, como vídeos informativos, un podcast, e outras dinámicas creativas que nos permitiron darlle voz ás nosas propostas.